



Concello de Lugo

secretario tribunal
JACA
Ref: ACTA6
Asunto: ELABORAC 3 EXM Y VALORAC

PROBAS SELECTIVAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO: 2008
DENOMINACIÓN DAS PRAZAS: Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial
NÚMERO DE PRAZAS: 1.
QUENDA: consolidación de emprego temporal.
SISTEMA SELECTIVO: concurso-oposición.
CONVOCATORIA: DECRETO Nº 13002887 do 26/03/2013

ACTA DA SESIÓN RELATIVA Á CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

Lugar de celebración da sesión: sala de xuntas do cuarto andar do Centro de Servizos Municipais situado no número 197 da ronda da Muralla (antigo Seminario Maior).

Data: 20 de abril de 2015

Hora de inicio: 10:30 horas.

Asistentes:

Presidente:

- D. José María González Rodríguez, Técnico (Xefe do Servizo de Urbanismo) do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Alberto Cardama Cid, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas do Concello de Lugo.
- D. Santiago Puentes Colorado, Arquitecto (Xefe do Servizo de Arquitectura) do Concello de Lugo.
- D. Pablo Fuentes Faílde, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos (Xefe do Servizo de Enxeñería) do Concello de Lugo.

Secretario:

-D. José Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Obxecto da sesión: establecemento e valoración do terceiro exercicio.


Aberto o acto e concorrendo os membros mencionados anteriormente, procédese á elaboración do terceiro exercicio consistente en:

“OPOSICIÓN ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL

TERCER EJERCICIO: SUPOSTO PRÁCTICO.
20 de abril de 2015

Deséxase alimentar a instalación dun pozo cunha potencia máxima de 12kW a 220V mediante unha liña de dous condutores de cobre ($\rho = 0,0178 \Omega \text{ mm}^2 / \text{m}$). Se a lonxitude da liña é de 60m, calcule:

1. A sección mínima do condutor para que a perda de potencia sexa inferior ao 2% da potencia a transportar.
 2. A caída de tensión máxima na liña.
- Outra posibilidade de alimentación do pozo consiste en aproveitar unha catenaria xa existente.
3. Supoñendo que o cable pesa 30 N/m, e está suxeito a dúas torres situadas a un lado e outro do val, segundo se indica na figura, co punto B 10 m por baixo do punto A, e o punto máis baixo 5 m por baixo do punto B, e a tensión máxima é de 900N, calcule o parámetro da catenaria.
 4. Calcule a tensión nos puntos A e B (módulo e vector)."



Datos:

$$\begin{aligned} p &= 30 \text{ N/m} \\ T_A = T_{\text{máx}} &= 900 \text{ N} \\ h &= y_A - y_B = 10 \text{ m} \\ f &= y_B - a = 5 \text{ m} \end{aligned}$$

Ás 11:00 horas procédese a chamar ao Sr. Pereira Álvarez para a execución deste exercicio, informándoo de que terá 2 horas para a súa realización.

Finalizado o tempo e dada a característica da proba, procédese á súa valoración outorgando o tribunal por unanimidade a cualificación de apto cunha nota de 8,5 puntos.

Xa que consta no expediente o certificado de perfeccionamento de galego e non sendo necesaria a realización doutra proba, o tribunal propón o nomeamento de don Efrén Pereira Álvarez como funcionario na praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, co seguinte resultado:

Concurso 9,20 puntos.



Concello de Lugo

secretario tribunal
JACA
Ref: ACTA6
Asunto: ELABORAC 3 EXM Y VALORAC

Oposición: primeiro exercicio: 5; segundo exercicio: 7 e terceiro: 8,5 puntos. Total: 29,70 puntos.

E non sendo outro o obxecto da sesión, levántase esta ás 14:00 horas da data sinalada no encabezamento, en proba de todo o cal esténdese esta acta - composta 3 paxinas - que, despois de lida e atopada conforme, é asinada pola totalidade do tribunal.

Acta
[Handwritten signature]



MURALLA
patrimonio de herxarxas